

**Disposición adicional única.** *Referencias contidas no Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria.*

As referencias que contén o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria, á Secretaría Xeral de Facenda, aos centros directivos dela dependentes e ás delegacións de Facenda Especiais entenderanse feitas á Axencia Estatal de Administración Tributaria, aos departamentos e servizos dela dependentes e ás delegacións especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, respectivamente.

Así mesmo, as referencias á Comunidade Económica Europea entenderanse realizadas á Comunidade Europea.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**2301** *ORDE APA/245/2005, do 9 de febreiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 37, do 12-2-2005.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2004/697/CE da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, e posteriormente mediante a Decisión 2004/762/

CE da Comisión, do 12 de novembro de 2004, pola que se modifica a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de España e Portugal, e a partir dela, en relación cos abrochos de febre catarral ovina en España.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar, entre outras medidas, a prohibición cautelar do movemento e transporte de animais e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional; a prohibición cautelar da entrada ou saída daqueles en explotacións ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados; a prohibición ou limitacións da saída ou exportación do territorio nacional, de animais, produtos de orixe animal, produtos zoonosanitarios e produtos para a alimentación animal ou o cambio ou restricións do seu uso ou destino, con ou sen transformación e, en xeral, todas aquelas medidas, incluídas a desinfección ou desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, en especial daquelas de alta difusión ou a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados, así como en situacións de grave risco sanitario.

De acordo co exposto, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. As ditas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante ordes ministeriais, sendo a última delas a Orde APA/4089/2004, do 14 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección contra a lingua azul, cuxa aplicación foi prorrogada ata o 15 de febreiro pola orde APA/91/2005, do 27 de xaneiro.

Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e por tanto, non existe risco de aparición de lingua azul nesa zona.

A este respecto, o Comité Permanente da Cadea Alimentaria e da Sanidade Animal da Unión Europea emitiu informe favorable dunha proposta de Decisión da Comisión Europea pola que modifica a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, no relativo aos movementos de animais desde zonas restrinxidas tras un período de tempo despois o cesamento da actividade do vector.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha modificación da orde APA/4089/2004, do 14 de decembro, co obxecto de considerar durante un período de tempo determinado, unha zona do territorio nacional como estacionalmente libre de lingua azul. A

dita consideración deixará de ter efecto 28 días antes da data máis temperá en que o virus poida reiniciar a súa actividade segundo os datos históricos ou inmediatamente se os datos climáticos ou os datos resultantes do programa de vixilancia e seguimento continuo indican un reinicio máis precoz da actividade dos mosquitos «Culicoides imicola» adultos.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida: a zona establecida na Decisión 828/2003/CE, que comprende: a Comunidade Autónoma das Illes Balears, a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

1.º Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Huelva, Sevilla e Córdoba e as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar na provincia de Jaén.

2.º Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: as comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de La Jara, Talavera de la Reina e Los Navalmorales, da provincia de Toledo e as comarcas veterinarias de Horcajo de los Montes, Piedrabuena, Almadén e Almodóvar del Campo, da provincia de Ciudad Real.

b) Zona estacionalmente libre de lingua azul: o territorio dentro da zona restrinxida, ata o 31 de marzo de 2005, que comprende:

1.º A Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2.º A Comunidade Autónoma de Extremadura.

3.º As seguintes comarcas veterinarias da Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:

As comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de la Jara, Talavera de la Reina e Los Navalmorales, da provincia de Toledo.

As comarcas veterinarias de Horcajo de los Montes, Piedrabuena, Almadén e Almodóvar del Campo, da provincia de Ciudad Real.

4.º As seguintes provincias e comarcas veterinarias da Comunidade Autónoma de Andalucía:

Provincia de Córdoba.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Cortegana, Aracena e Valverde del Camino.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Cazalla de la Sierra, Cantillana, Écija, Osuna, Marchena e Sevilla e os municipios de El Madroño, Castillo de las Guardas, Gerena, El Garrobo, El Ronquillo, Aznalcóllar, Almadén de la Plata e Real de la Jara, da comarca veterinaria de Sanlúcar la Mayor.

Provincia de Málaga: a comarca de Antequera.

O resto do territorio restrinxido terá a consideración de zona non estacionalmente libre de lingua azul.

c) Zona libre: o resto do territorio nacional.

3. Entenderase por centro de mostraxe para a lingua azul aquela instalación, baixo control da autoridade veterinaria competente, na cal se mantén un grupo illado de animais protexidos da acción do mosquito «Culicoides», ben por ser unha instalación ou explotación cerrada, ben por terse colocado nela teas mosquiteiras nas aberturas, que serán asperxidas con produtos repelentes, durante un período de tempo adecuado, co fin de sometelo a probas de diagnóstico fronte á lingua azul.

4. Así mesmo, e para efectos do disposto na presente orde, os movementos nacionais de reses de lida desde explotacións situadas na zona restrinxida, con destino a espectáculos taurinos clasificados como corridas de touros e novilladas, terán a consideración de movementos a matadoiro.

#### Artigo 3. *Zona restrinxida.*

1. Poderanse autorizar os seguintes movementos de animais de especies sensibles de explotacións radicadas na zona restrinxida:

A) Movementos para vida.

Requisitos xerais: todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida, realizarase co cumprimento, polo menos, dos seguintes requisitos:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga. Cando o destino dos animais sexa outra comunidade autónoma distinta da de orixe, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. En todo caso, sempre que os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente nas horas centrais do día ou da noite, e en todo caso fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Cando para o movemento de animais se requira a toma de mostras, esta realizarase baixo supervisión dos servizos veterinarios oficiais da comunidade autónoma competente.

e) Todos os animais sensibles obxecto de movemento con orixe en explotacións situadas en zona non estacionalmente libre, serán previamente desinsectados ou tratados cun repelente adecuado. Nas explotacións de orixe terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores nos que permanezan os animais. Así mesmo, os animais estarán protexidos durante o transporte de ataques do mosquito «Culicoides».

Ademais destes requisitos, segundo o destino dos animais, deberánse cumprir os seguintes requisitos adicionais en función do tipo de movemento:

1.º Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida a

explotacións situadas en zona libre do resto do territorio nacional, e directamente a territorio doutros Estados membros despois da autorización do Estado membro de destino. En ambos os casos, deberanse cumprir as condicións que establece para o efecto a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina.

A este respecto, os ditos animais deberán estar marcados, cando vaian abandonar a zona restrinxida para o seu movemento dentro de España, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea. O dita marcaxe realizarase, polo menos, no Documento de Identificación Bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, e no resto de ruminantes mediante unha marca auricular de cor vermella na cal figurará, polo menos, a lenda «LA» e o mes e ano en que abandonen a zona restrinxida.

Non obstante, poderase autorizar o movemento de animais sensibles desde explotacións situadas en zona restrinxida estacionalmente libre con destino para a súa ceba, a explotacións situadas en zona libre da mesma ou outra comunidade autónoma, dentro do territorio nacional, quedando os animais inmovilizados na explotación de destino e tendo como único destino final o sacrificio en matadoiro. Todos os animais obxecto de movemento deberán estar marcados, cando vaian abandonar a zona restrinxida para o seu movemento dentro de España, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea. Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha lista de explotacións de ceba de ovino, caprino e de bovino que cumpran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir animais de zonas de restrición. Esa lista será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha lista nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

Para poder realizar o dito traslado e emitir o correspondente certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, os animais obxecto de traslado deberán cumprir, polo menos, algunha das condicións indicadas no anexo parte A. Unha vez realizada a solicitude á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe, e autorizada por esta, comunicarse a dita autorización cunha antelación mínima de 48 horas á autoridade competente de destino.

2.º Os movementos para vida de animais sensibles dentro da zona restrinxida entre diferentes comunidades autónomas realizaranse unicamente cos requisitos xerais deste punto. Non obstante, os movementos de animais de reprodución, ou de xatos con destino para ceba, entre zonas estacionalmente libres e non estacionalmente libres, realizaranse con, polo menos, algunha das condicións previstas no anexo, en función da especie e zona de orixe de que se trate.

3.º A autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma poderá autorizar o movemento para vida de especies sensibles dentro do seu territorio, na zona restrinxida, de acordo cos requisitos adicionais que ela estableza, se é o caso. Non obstante, o movemento de animais sensibles de reprodución, ou de xatos con destino para ceba, entre as zonas estacionalmente libres e non estacionalmente libres, realizarase se se cumpre, polo menos, algunha das condicións previstas no anexo, en función da especie e zona de orixe de que se trate.

## B) Movementos para sacrificio.

Requisitos xerais: todo movemento para sacrificio dos animais das especies sensibles procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida, realizarase co cumprimento, polo menos, dos seguintes requisitos:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinfectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio inmediato, baixo supervisión oficial, quedando prohibido o movemento a pé dos animais das especies sensibles. Cando o destino dos animais sexa outra comunidade autónoma distinta da de orixe, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. En todo caso, sempre que os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar a el os animais e notificará a súa chegada á autoridade competente en materia de expedición.

e) Cando os movementos para sacrificio teñan por destino matadoiros ou prazas de touros localizados fóra da zona restrinxida da comunidade autónoma de orixe, no matadoiro ou praza de touros de destino, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, poderá exceptuar da previa desinsectación do matadoiro de destino, cando este se encontre situado en zona libre e non exista risco de presenza do vector.

Cando o dito movemento se refira a reses de lida e se realice entre dúas comunidades autónomas, precisará autorización previa da autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino. Todos os animais sensibles da partida serán sacrificados na praza de destino, e os animais de especies sensibles e os da especie equina que vaian entrar en contacto coa dita partida de animais de lida, deberán ter sido previamente desinfectados ou tratados cun produto repelente co obxecto de quedaren protexidos dos vectores. Os animais serán confinados en currais cerrados ata o momento da lida.

2. Prohíbese a saída de animais de especies sensibles de explotacións con focos ou localizadas no raio de 20 km arredor dos focos. Non obstante, a autoridade competente en función das circunstancias epidemiolóxicas, xeográficas ou meteorolóxicas, poderá autorizar que os animais da dita zona poidan saír a matadoiro para o seu sacrificio directo, localizados dentro da zona restrinxida da mesma comunidade autónoma, co cumprimento dos requisitos xerais do punto 1.B).

3. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a el, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, nos casos que así proceda, a documentación relativa á vacinación e data dela, a acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais, o tipo de análise realizada así como a data da toma de mostras, a documentación relativa ao desinfectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o

caso, tempo de espera), así como a identificación do precinto do medio de transporte.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas na zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

#### Artigo 4. *Zona libre.*

Os movementos de saída, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

#### Artigo 5. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe ou destino en explotacións da zona restrinxida, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados ou tratados cun repelente adecuado, coa antelación precisa. Así mesmo, os vehículos de transporte, deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

#### Artigo 6. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto na presente orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

#### Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde, e, en especial, as ordes APA/4089/2004, do 14 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección contra a lingua azul, e APA/91/2005, do 27 de xaneiro, pola que se prorroga ata o 15 de febreiro de 2005, a aplicación da Orde APA/4089/2004, do 14 de decembro.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, con excepción da regulación relativa aos movementos con países terceiros, que se dita de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup>, primeiro inciso, da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

#### Disposición derradeira segunda. *Vixencia das medidas.*

As medidas dispostas na presente orde quedarán sen efecto a partir do 1 de abril de 2005.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de febreiro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

### Requisitos mínimos para os movementos de animais

#### PARTE A

*Requisitos mínimos para os movementos de animais sensibles que permanecesen desde o seu nacemento ou durante, polo menos, 40 días en zona restrinxida estacionalmente libre*

Que se cumpran as condicións do anexo II da Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003.

Que se trate de ovinos vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento.

Que se trate de animais con resultado negativo mediante a técnica ELISA, en cuxo caso o movemento deberá producirse nos 15 días posteriores á toma de mostrás.

Que se trate de animais con resultado positivo mediante a técnica ELISA, en cuxo caso todos os animais da partida deberán ser analizados con antelación ao movemento e obter resultado negativo, mediante a técnica RT-PCR. O movemento deberá producirse nos 15 días posteriores á toma de mostrás. A detección dun animal ovino RT-PCR positivo dará lugar á inmovilización da partida e á comunicación inmediata de sospeita de lingua azul.

Ou que se trate de animais nados despois do 15 de decembro de 2004. Neste caso, non precisan control analítico.

#### PARTE B

*Requisitos mínimos para os movementos de animais de explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre a zona restrinxida estacionalmente libre*

Con carácter xeral, todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente desinsectados ou tratados cun repelente e nas explotacións de orixe terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que permanezan os animais. Así mesmo, os animais estarán protexidos durante o transporte de ataques do mosquito «Culicoides».

#### B.1 Condicións para o movemento de gando ovino

Que se cumpran as condicións do anexo II da Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003.

Que se trate de animais vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento.

Ou no caso de ovinos non vacinados de ata 6 meses de idade e nados de femias vacinadas, os animais deberán ser analizados con antelación ao movemento e obter resultado negativo, mediante a técnica de RT-PCR nun número tal que asegure, polo menos, o achado dun animal infectado cunha prevalencia do 30%, cun intervalo de confianza do 95%. A detección dun animal RT-PCR positivo dará lugar á inmovilización da partida e á comunicación inmediata de sospeita de lingua azul. O movemento deberá producirse nos 15 días posteriores á toma de mostrás.

#### B.2 Condicións para o movemento de gando bovino

Que se cumpran as condicións do anexo II da Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003.

Que, na explotación de orixe, os animais estivesen protexidos do vector nun centro de mostraxe da lingua azul durante, polo menos, 7 días, período tras o cal deberán ser analizados e obter resultado negativo mediante a técnica RT-PCR. Posteriormente, na explotación de destino, os animais estarán protexidos de vectores, como

medida de precaución, mediante a aplicación dun insecticida ou repelente e serán analizados con resultado negativo nunha toma de mostras, realizada polo menos, nun período non inferior a 7 días desde a toma de mostra en orixe mediante a técnica RT-PCR, ou nun período non inferior a 21 días desde a toma de mostra en orixe mediante a técnica de ELISA.

Ou, que na explotación de orixe, os animais estivesen protexidos do vector en centro de mostraxe da lingua azul durante, polo menos, 21 días, período tras o cal deberán ser analizados e obter resultado negativo mediante a técnica ELISA. Posteriormente, na explotación de destino, os animais estarán protexidos de vectores, como medida de precaución, mediante a aplicación dun insecticida ou repelente e serán analizados mediante a técnica ELISA, con resultado negativo nunha toma de mostras, realizada polo menos, nun período non inferior a 7 días desde a toma de mostra en orixe.

## XEFATURA DO ESTADO

**2818** *REAL DECRETO LEI 3/2005, do 18 de febreiro, polo que se adoptan medidas en relación coa prestación de servizos portuarios básicos e se amplía o prazo para a transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba en agrupacións portuarias de interese económico.* («BOE» 43, do 19-2-2005.)

A Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, prevé para a prestación de servizos portuarios básicos a obtención dunha licenza que se deberá suxeitar ao correspondente prego regulador e ás prescricións particulares do servizo que non foron aprobados, entre outras razóns, polo seu complexo proceso de preparación, que require unha previa análise detallada da actividade e do seu desenvolvemento.

A necesidade de permitir o acceso de novos prestadores de servizos, que desde a entrada en vigor da Lei 48/2003, do 26 de novembro, tiveron limitada a actividade económica nos portos de interese xeral, determina a extraordinaria e urxente necesidade de prever un réxime regulador da prestación dos servizos, polo que se deben arbitrar medidas que lles permitan aos empresarios que así o desexen acceder aos ditos servizos, nas mesmas condicións en que se encontran prestando os servizos os actuais prestameiros.

Por outra parte, a transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba nas agrupacións portuarias de interese económico supón que as autoridades portuarias non teñan ningunha participación nas grandes decisións do servizo de estiba e desestiba nin, conseguintemente, capacidade para intervir no seu custo. Estas circunstancias dificultan a posta en funcionamento das citadas agrupacións.

Por iso, ante o inmediato vencemento do prazo previsto para a transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba nas agrupacións portuarias de interese económico, resulta imprescindible ampliar, con urxencia e por un prazo prudencial, a data fixada na disposición adicional sexta da Lei 48/2003, do 26 de novembro.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de

Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2005,

### DISPONGO:

**Artigo 1.** *Ampliación do prazo para a transformación das sociedades estatais de estiba e desestiba en agrupacións portuarias de interese económico.*

Amplíase en 18 meses o prazo establecido no punto 1 da disposición adicional sexta da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

**Artigo 2.** *Réxime de acceso á prestación de servizos portuarios básicos.*

Durante o prazo previsto no artigo anterior, e sempre que non se aprobasen os pregos reguladores e prescricións particulares dos servizos a que se refire a disposición adicional novena da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, as autoridades portuarias poderán outorgar o título que habilita para a prestación dos servizos portuarios básicos de conformidade cos pregos de cláusulas dos servizos que foron aprobados conforme o disposto no artigo 67.3 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante, e na normativa específica de estiba e desestiba de buques nos portos de interese xeral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**2974** *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.* («BOE» 46, do 23-2-2005.)

Advertidos erros na Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do 1 de xaneiro de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 205, columna segunda, no punto catro do artigo único, no artigo 7 que se modifica, onde di: «. que están ou estivesen.», debe dicir: «. que estean ou estivesen.»

Na páxina 206, columna segunda, no punto dezanove do artigo único, no artigo 23 que se modifica, onde di: «2. A Comisión de Estudos elaborará as propostas lexislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende ao Consello de Estado e someteraos ao Pleno, que se pronunciará sobre eles por maioría simple.», debe dicir: «2. A Comisión de Estudos elaborará as propostas lexislativas ou de reforma constitucional que o Goberno lle encomende ao Consello de Estado e someteraos ao Pleno, que se pronunciará sobre elas por maioría simple.»